

BIOINTOXICACIÓN POR CONSUMO DE MOLUSCOS BIVALVOS: CLÍNICA E CONTROL

Chámase biointoxicación por moluscos bivalvos (MB) ó procesos patológicos producidos polo consumo de MB cando estes conteñen, nos seus tecidos, toxinas sintetizadas por plantas mariñas (biotoxinas). Estes procesos diferencianse doutros relacionados co consumo de MB, sexa porque estean contaminados, con bacterias ou parásitos, por radiactividade ou compostos químicos, ou sexa pola hipersensibilidade do consumidor.

As biotoxinas causantes das biointoxicacións sintétizanse no fitoplancto, no fitobento ou en microalgas. Unha vez sintetizadas, as biotoxinas son inxeridas polos predadores de plancto, entre eles os MB. Estes, no seu proceso de filtración/alimentación, absorben as biotoxinas e, nun feito característico deles, acumúlanas nos seus tecidos. Isto, a capacidade para acumular-as biotoxinas, é o que lles da relevancia especial como fontes de intoxicación para os humanos que os consumen.

A cantidade de biotoxinas no plancto é variable segundo os períodos do ano, acadando niveis tóxicos só nos momentos de proliferación intensa e rápida das microalgas que as sintetizan. Esta proliferación pode chegar a ser tan importante que permite o seu recoñecemento a simple vista, dando lugar ó fenómeno chamado marea vermella.

Na actualidade identifícanse cinco tipos de biointoxicacións por consumo de MB, vencelladas a outros tantos grupos de toxinas. Catro delas, ás biointoxicacións por PSP, NSP, DSP e venerupino, débense a toxinas sintetizadas por dinoflagelados. A derradeira, por ASP, ten a súa orixe en diatomeas. De contado resúmese as súas características clínicas más salientables, comenzando por aquellas biointoxicacións debidas a toxinas sintetizadas por microalgas que poden ser atopadas na costa galega: PSP, DSP e ASP.

Biointoxicación paralítica ou por PSP

O grupo de biotoxinas IPIA ou PSP (do anglosaxón "Paralytic Shellfish Poison"), producidas por certos xéneros de dinoflagelados, inclúen, na actualidade, 18 bioto-

xinas diferentes. Todas elas teñen propiedades químicas semellantes ás da saxitoxina (STX), a primeira descuberta e a mellor coñecida.

Case a totalidade dos efectos que provoca no humano a STX débense á inhibición difusa do impulso nervioso nos nervios periféricos e no músculo esquelético. Dita inhibición prodúcese polo bloqueo selectivo das canles de sodio na membrana celular.

Clínica. Os síntomas producidos pola intoxicación por PSP varían segundo a severidade da intoxicación; severidade que vén determinada polo tipo de toxina implicada, pola cantidade dela inxerida e pola taxa coa que é capaz de eliminala o intoxicado. Os primeiros síntomas adoitan aparecer ós 30 minutos de consumi-lo MB, mais pódeno facer unhas horas despois.

O máis común é que os primeiros síntomas sexan parestesias na boca, beizos e os seus arredores. A estes síntomas, virtualmente presentes na totalidade dos casos, engádenses, nas intoxicións leves, parestesias nos extremos dos dedos, cefalea e atordamento. A sintomatoloxía gastrointestinal é rara. O aumenta-la importancia da intoxicación as parestesias progresan a brazos e pernas, e o doente amosa debilidade muscular e certa incoherencia na fala. Son comúns as manifestacións cerebelosas, do tipo ataxia, incoordinación motora e/ou dismetría. Nas formas más severas, existe parálise muscular intensa e difusa, acompañada dende o comezo de acidose láctica. Rara vez vese comprometida a consciencia.

A morte, de producirse, deberase a insuficiencia respiratoria. Nestes casos a evolución é moi rápida, producíndose a morte tras 8 horas de media. O pronóstico é favorable nos casos que sobreviven ás primeiras 12-24 horas.

O tratamento, que inclúe lavado gástrico na procura de eliminar os restos de MB, é sintomático.

O diagnóstico diferencial, que hai anos case que non era necesario consideralo, formúlase hoxe coa intoxicación por anticolinesterásicos. A distinción entre as dúas intoxicións pode ser difícil, agás nos casos nos que son

SUMARIO

- Biointoxicacións por consumo de moluscos bivalvos: Clínica e control.
- Situación das EDO na cuadrisemana 5/96.
- EN BREVE...: Consellos sanitarios a quen viaxa ó estranxeiro.
- ANEXO: Informe da campaña de vacinación antigripal 1995-1996.

evidentes os efectos da estimulación colinérxica, como os aumentos na cantidade do cuspe, bágoas e secreción bronquial, ou a miose. Ningún deles se presenta na intoxicación por PSP.

Tamén haberá que facer diagnóstico diferencial coa intoxición debida ó consumo de diversas especies de peixe lúa, que conteñen tetrodotoxina. O comezo agudo, a evolución e a preponderancia de manifestacións neurolóxicas fana virtualmente idéntica á intoxicación por PSP. A diferencia establecerase polo antecedente de consumo de peixe e pola presencia de hipotensión arterial moderada ou severa, ausente no caso da PSP.

Biointoxicación diarreica ou por DSP

Certas especies de dinofaxelados producen una serie de biotoxinas coñecidas como IDIA ou DSP (de "Diarrhetic Shellfish Poison"). Estas toxinas producen patoloxía gastrointestinal ó seren inxeridas cos MD que os acumulan. As toxinas do grupo pódense clasificar en 3 subgrupos:

1. Toxinas diarreicas (Dinofisistoxinas), que inclúen ó ácido okadaico e os seus derivados.
2. Pectenotoxinas (PTX).
3. Yesotoxinas (YTX).

As do primeiro grupo, dinofisistoxinas, actúan no ser humano estimulando a fosforilación das proteínas que controlan a secreción de sodio polas células intestinais.

Clínica. Entre os 30 minutos e ata as 12 horas que seguen a inxesta de MB tóxicos, comeza un cadro clínico no que destacan diarrea, náuseas e vómitos. Son raros a febre e os calafrios. Os síntomas, que poden durar ata 3 días, rara vez esixen a hospitalización do enfermo. O tratamento é sintomático.

Haberá que facer diagnóstico diferencial con outros cadros gastroenteríticos afebrís.

Experimentalmente demostrouse que as toxinas non diarreicas do complexo DSP poden ter efectos tóxicos no fígado (PTX) e no corazón (YTX).

Biointoxicación amnésica ou por ASP

A principal toxina responsable da intoxición por ASP (de "Amnesic Shellfish Poisoning") é o ácido domoico, sintetizado por certas especies de diatomeas. O ácido actúa como agonista do glutámico, neurotransmisor ó nivel do sistema nervioso central.

Detectouse por vez primeira no Canadá, a finais de 1987, cando o consumo de mexilóns tóxicos deu lugar a intoxición de 153 persoas, das que 103 foron hospitalizadas. O fenómeno repetíuse, tamén en Canadá, no ano 1988, e na costa oeste dos Estados Unidos, no ano 1992.

No ano de 1995, na costa galega foron detectadas diatomeas productoras do ácido domoico, concretamente da especie *Nitzchia* spp.

Clínica. A intoxición por ASP maniféstase, nas primeiras 24 horas que seguen ó consumo de MB tóxicos, preferentemente como un cadro gastroenterítico con náuseas, vómitos e diarrea. Mais, nas primeiras 48 horas pódense engadir síntomas neurolóxicos, que van dende cefalea e confusión ata, nas persoas de maior idade, perda da memoria, particularmente severa nalgúns casos.

Outras Biointoxicacións

Intoxicación neurotóxica ou por NSP. É unha forma neurolóxica leve que vén sendo frecuente en Florida (EEUU). As toxinas responsables da intoxición coñécesen, conxuntamente, como brevetoxinas, xa que son sintetizadas polo dinofaxelado *Gymnodinium (Ptychodiscus) breve*.

Clínica. Ó cabo de 3 horas do consumo de MB que conteñan NSP, prodúcese un cadro neurolóxico leve caracterizado por parestesias en boca e dedos, ataxia, bradicardia, sensación de calor e frío, midriase e diarrea leve. A recuperación acádase, dependendo da dose inxerida, nuns dous días. Podería ser necesario facer diagnóstico diferencial coa intoxición por ciguatera, debida ó consumo de peixe globo contaminado con toxinas do grupo da ciguatoxina (sintetizadas tamén por dinofaxelados). O peixe globo ten o seu hábitat nos mares das rexións tropicais e subtropicais.

Biointoxicación por venerupino. Constitúe un serio problema de saúde pública en certas zonas do Xapón. As toxinas, de natureza química non totalmente coñecida, relaciónnanse con variedades do dinofaxelado *Prorocentrum minimum*.

Clínica. A intoxición, tras un período de incubación longo (24-48 horas), maniféstase con anorexia, halitose, náuseas, vómitos, dor gástrico, constipación, cefalea e malestar xeral. O cadro clínico pódese complicar con aumento da inquedanza, hematómese e sangrado das mucosas oral e nasal. Nos casos graves pode haber ictericia, petequias e equimose; nos letais, lesión hepática aguda, excitación extrema, delirio e coma.

INCIDENCIA DAS BIOINTOXICACIÓNES EN GALICIA

PSP. Os primeiros casos de intoxición por PSP descritos en Galicia datan de 1976, cando a distribución comercial de mexilón tóxico causou 63 casos en España e máis de 100 no resto de Europa.

Dende ese ano non veu de coñocerse ningún caso ata 1986, cando foron detectados dous abrochos que afectaron a 17 persoas que consumiran mexilón colleito na rocha. (O termo abrocho refirese, neste contexto, á comunidade na orixe e distribución dos MB tóxicos).

Nos anos 1993 e 1994, detectáronse outros 9 abrochos, que afectaron a un total de 27 persoas, unha das cales faleceu. Os MB implicados foron, outra vez, mexilóns colleitos na rocha.

DSP. Entre 1978 e 1982 houbo varios abrochos venceillados ó consumo de MB. Considerárase que o máis importante deles ocorreu en 1981, afectando a case 5.000 persoas. Nembarcantes, neste abrocho non se puxo de manifesto a DSP nos mexilóns consumidos, porque non se pudo buscar, mais foron descartadas outras causas de orixe bacteriana.

Dende esos anos ata 1995 non houbo coñecemento de máis abrochos, agás un a finais dos anos oitenta. En 1995, nembarcantes, detectáronse 3 abrochos, que afectaron a un total de 61 persoas. Estes debéreronse ó consumo de mexilón colleito directamente da rocha, en 2 abrochos, e da batea, no outro.

Control e vixilancia

O control da toxicidade dos MB faise directamente neles, xa cos niveis acadados na auga mariña non veñen a corresponder cos acadados nos tecidos dos MB. O control faise efectivo en dous momentos, antes de que o MB saia ó mercado e unha vez que está xa a venda.

Ó control nos MB engádese-lo diagnóstico precoz e a declaración urxente dos casos de intoxición ocorridos en humanos. Estas intoxicións son, como é sabido, toxinfecções alimentarias e están, polo tanto, suxeitas a declaración obligatoria urxente. A finalidade de telas así consideradas é localizar, de se-lo caso, partidas tóxicas para afastalas do mercado o máis axiña posible.

TÁBOA CUADRISEMANAL: SITUACIÓN DAS EDO POR ÁREAS SANITARIAS NA CUADRISEMANA 5, QUE REMATOU O 18-05-1996

m

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

224465

1350

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

223465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

222465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

221465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

220465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

219465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

218465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

217465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

216465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

215465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

214465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

213465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

212465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

211465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

210465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

209465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

208465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

207465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

206465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

205465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

204465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

203465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

202465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

201465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

200465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

199465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

198465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

197465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

196465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

195465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

194465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

193465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

192465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

191465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

190465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

189465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

188465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

187465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

186465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

185465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

184465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

183465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

182465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

181465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

180465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

179465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO

MONTEIRO

LUGO

178465

ABREUAGA(ABR)

PRED.

POBRA.

VIGO


MONTEIRO

LUGO

177465

ABREUAGA(AB

GRÁFICO DE LÍMITES HISTÓRICOS



EN BREVE...

CONSELLOS SANITARIOS A QUEN VIAXA Ó ESTRANXEIRO

Cada vez son máis os galegos que por pracer viaxan a países nos que, polas súas condicións medioambientais ou económicas*, son endémicas certas enfermidades que poden ser previdas.

A estratexia preventiva pódese resumir seguindo tres liñas xerais: A vacinación, a quimioprofilaxe e/ou o consello sobre actitudes profilácticas xerais relacionadas coa protección fronte os insectos e o cuidado no consumo de alimentos e as relacións sexuais. Mais dita estratexia terá que axeitarse ó país ou países que vaian a ser visitados. (Neste eido, pódese considerar paradigmático o caso da quimioprofilaxe do paludismo, que varía segundo as resistencias atopadas nos diferentes países e, nalgunhas deles, mesmo da zona do país á que se ten pensado ir).

Desta función de consello e profilaxe ocúpanse en Galicia os Servicios de Sanidade Exterior do *Ministerio de Sanidad y Consumo* (mira-la caixa). Nembargantes, moitos profesionais sanitarios son preguntados polas "cousas" que se teñen que facer cara a viaxe. Pola nosa banda propoñemos que as respuestas a estas preguntas fagan fincapé nos tres aspectos seguintes:

1. É conveniente prepara-la viaxe cun tempo de adianto, xa que, de se-lo caso, a vacinación e a quimioprofilaxe terá que comenzar días antes da partida. Ademais, para adquirir certos fármacos recomendados nalgún caso na quimioprofilaxe antipalúdica, é necesario facer algún trámite que, por pouco que sexa, sempre necesita algúns tempo.
2. Consulta ós Servicios de Sanidade Exterior, dos que en Galicia hai un na Coruña e outro en Vigo. Neles, os viaxeiros obterán información específica, de acordo ós países que van visitar, sobre das vacinas e fármacos convenientes, o xeito en que há que utilizarlos, a duración do seu uso, etc. Asemade recibirán consello sobre as precaucións que terían que ter cos alimentos, coa exposición ós insectos, etc.

NOVAS ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. A partir do 1 de xullo de 1996, en virtude da entrada en vigor do R.D.2210/95 (ve-lo BEG; vol. VIII, nº 7), ás enfermidades que hoxe en dia son de declaración obrigatoria en Galicia haberá que engadirlle a lexonelose e a meninxite tuberculosa. Como ámbalas dúas enfermidades terán que ser declaradas de xeito numérico e máis individualizado, e para aproveita-los materiais xa existentes, a declaración farase de acordo coas seguintes instruccións:

Declaración numérica: Especificaranse no apartado "outras", e procederase coma co resto das EDO.

Declaración individualizada: Especificaranse no apartado "observacións".

SANIDADE EXTERIOR

A CORUÑA
Avenida da Mariña s/n
Teléfono: (981) 22.25.27

VIGO
Estación Marítima s/n
Teléfono: (986) 43.41.33

3. Reforza-la importancia dos aspectos non farmacolóxicos da prevención; e dicir, salienta-lo feito de que a actitude ante certos riscos é determinante para evita-la enfermidade. Casos particularmente importantes son os que teñen que ver cos puntos seguintes, expostos moi por riba (máis información pódese obter, como se dixo, nos Servicios de Sanidade Exterior):

Protección contra as picaduras de mosquitos:

- Evitar, se pode ser, as saídas entre fuso e lusco e ó amañecer.
- Levar roupa con mangas e pantalóns longos.
- Utilizar repelentes de insectos que conteñan DEET ou ftalato de metilo.
- Pola noite, pechar portas e fiestras, e dormir con mosquiteiro.

Protección fronte a riscos asociados a alimentos e bebidas:

- Non tomar leite ou derivados sen pasteurizar.
- Lembrar que os produtos de repostería e os xelados son produtos facilmente contaminables.
- Evita-los alimentos crus ou pouco cocidos.
- Evita-la auga sen garantía sanitaria. Se non fose posible, fervela ou cloral-a.

Protección fronte ás enfermidades de transmisión sexual:

- Como na nosa terra, cando se manteña contacto sexual con persoas "descoñecidas", é necesario adoptar precaucións que, básicamente, consisten en utilizar (ou facer que a parella utilice) preservativos.